

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

ORDE do 18 de febreiro de 2020 pola que se aproba o modelo de declaración responsable para realización de actuacións menores de mantemento e conservación no dominio público hidráulico e zona de policía (código de procedemento AU113C).

A disposición adicional segunda do Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, pola que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, prevé a presentación dunha declaración responsable para realización de actuacións menores de conservación e mantemento na zona de dominio público hidráulico da demarcación hidrográfica Galicia-Costa, o que supón unha excepción ao réxime xeral de autorización administrativa a que está sometida a realización de obras segundo o Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas.

O Decreto 42/2020, do 30 de xaneiro, polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas, modifica a disposición adicional segunda do Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, para delimitar e ampliar as actuacións que teñen a consideración de menores e, por tanto, están sometidas a declaración responsable; e establece o órgano a que debe dirixirse, e remite a unha orde de desenvolvemento a aprobación do modelo de declaración responsable.

A presente disposición aproba o modelo de declaración responsable establecendo o seu contido e regulando a documentación complementaria que debe presentarse, co fin de facilitar a súa presentación, tanto electrónica como presencial, para o que estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A orde continúa na liña de mellora e simplificación na tramitación administrativa e responde aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia no réxime de autorizacións no dominio público hidráulico e na súa zona de policía, adaptándose ao escenario normativo que introduciu a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para a consolidación da administración dixital nas administracións públicas e, por tanto, tamén na Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

CVE-DOG: g5qapbo4-8tv2-r9y1-6aj3-xkexguj99n37



Na súa virtude, e no uso das facultades que me confiren os artigos 34 e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto aprobar o formulario normalizado de declaración responsable previa á realización de actuacións menores de conservación e mantemento na zona de dominio publico hidráulico e na zona de policía no ámbito da demarcación hidrográfica Galicia-Costa, que regula a disposición adicional segunda do Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro.

A declaración responsable habilitarase na Guía de procedementos e servizos dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia co código de procedemento administrativo AU113C.

Artigo 2. *Forma de presentación*

A declaración responsable presentarase preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado establecido no anexo I desta orde, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

A presentación electrónica será obrigatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a cal se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional, os traballadores autónomos para os trámites e actividades que realicen no exercicio da súa actividade profesional e as persoas representantes dunha das anteriores.

Se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa declaración responsable presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da declaración aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación da declaración responsable poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).



Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a declaración responsable presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 3. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento

1. As persoas interesadas deberán achegar coa declaración a seguinte documentación:

a) Documentación que acredite a representación do comparecente, se for o caso.

b) Xustificante do pagamento da taxa por actuacións de comprobación e control das declaracións responsables para a realización de actuacións menores no dominio público hidráulico e na súa zona de policía (código 31.30.21).

c) Calquera outra que se considere necesaria para acreditar o carácter menor da actuación.

2. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da declaración. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da declaración deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da declaración responsable e o número de expediente se se dispón del.



Artigo 4. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas, os documentos identificativos (DNI/NIE para persoas físicas e NIF para persoas xurídicas), tanto das persoas que realizan a declaración como das representantes.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de declaración responsable e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 5. Notificacións

1. As notificacións derivadas deste procedemento practicaránse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. As notificacións electrónicas realizaránse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na declaración responsable. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos, deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos



sexa de carácter obrigatorio ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 6. *Trámites administrativos posteriores á presentación da declaración*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizaren trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das declaracións responsables tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Disposición adicional primeira. *Información básica sobre protección de datos persoais*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia –Augas de Galicia– coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da



Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

Disposición adicional segunda. *Actualización de modelos normalizados*

O modelo normalizado aplicable na tramitación do procedemento regulado na presente disposición poderá ser modificado co obxecto de mantelo actualizado e adaptado á normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente a publicación deste modelo adaptado ou actualizado na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estará permanentemente accesible para todas as persoas interesadas.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2020

Ethel María Vázquez Mourelle
Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

CVE-DOG: g5qapbo4-8tv2-r9y1-6aj3-xkexguj99n37




ANEXO I

PROCEDEMENTO ACTUACIÓNS MENORES NO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO E ZONA DE POLICÍA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO AU113C	DOCUMENTO DECLARACIÓN RESPONSABLE
---	---	---

DATOS DA PERSOA DECLARANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN							
Notifíquese a: ☐ Persoa ou entidade declarante ☐ Persoa ou entidade representante							
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:							
TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO					
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE							
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.							
☐ Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.							
☐ Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).							
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.							
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			

DATOS DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE DECLARACIÓN							
LOCALIZACIÓN DA ACTUACIÓN							
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: g5qapbo4-8tv2-r9y1-6aj3-xkexgij99n37





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

ANEXO I
(continuación)

DATOS DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE DECLARACIÓN (continuación)

TIPO DE ACTUACIÓN:

NO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO (DPH):

- ☐ Retirada de árbores mortas e podas de árbores que impidan accesos ao leito ou á súa servidume de paso, sempre que non impliquen perda do substrato arbóreo da ribeira.
- ☐ Retirada de árbores mortas e podas de árbores que reduzan a capacidade do leito.
- ☐ Retirada de elementos arrastrados pola corrente que obstrúan o leito e especialmente nas obras de paso sobre ela, ou que constitúan un elemento de degradación ou contaminación do dominio público hidráulico.
- ☐ Mantemento das seccións de medición de caudais das redes oficiais de estacións de medición.

NO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO (DPH) E A SÚA ZONA DE POLICÍA:

EN INFRAESTRUTURA:	EN EDIFICACIÓN/VIVENDA:	PECHES DE TIPO:
☐ Reparación de fochas/renovación de camiños de servizo, veciñais, pecuarios e pistas agrícolas ou forestais con saburra.	☐ Pintura de fachadas	☐ Pastor eléctrico para gardar animais.
☐ Mantemento/mellora rede viaria pública.	☐ Revestimento de fachadas	
☐ Tendido soterrado de redes de abastecemento (auga, sumidoiros, gas, electricidade...).	☐ Impermeabilización de fachadas	☐ Permeable de malla ou similares.
☐ Colocación/substitución de carteis informativos ou de sinalización.	☐ Cambio de fiestras	
	☐ Substitución de tellados	
	☐ Outras actuacións que non implican cambio de tipoloxía, forma ou volume	

DESCRIPCIÓN DETALLADA DAS ACTUACIÓNS:

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que todos os datos contidos nesta declaración e nos documentos que se achegan son certos.
2. Que cumpre con todos os requisitos establecidos na normativa vixente para realizar as actuacións.
3. Que as actuacións que se realizarán teñen a consideración de actuacións menores segundo o punto dous da disposición adicional segunda do Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.
4. Que achegará a documentación acreditativa dos cumprimento dos requisitos exhibibles cando lle sexa requirida por Augas de Galicia.
5. Que asume a responsabilidade de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia dos traballos, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a retirada dos materiais ou outros elementos que sexan vertidos ao leito durante a execución dos traballos.
6. Que non levará a cabo, en ningún caso, obras de movemento de terras que alteren a sección do leito ou a súa configuración.
7. Que non acumulará substancias, calquera que sexa a súa natureza, que constitúan ou poidan constituir un perigo de contaminación das augas (superficias ou subterráneas) e de degradación do seu contorno, evitando o depósito dos refugallo e demais produtos das actividades tanto no leito como na súa zona de servidume e deixando sempre libre o uso público desta.
8. Que comunicará a Augas de Galicia a finalización das actuacións no prazo de 5 días desde o remate delas, para que proceda ao seu recoñecemento nos casos en que considere oportuno.

CVE-DOG: g5qapbo4-8tv2-r9y1-6aj3-xkexguj99n37



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

ANEXO I (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Acreditación da representación.
- ☐ Xustificante do pagamento da taxa por actuacións de comprobación e control das declaracións responsables para a realización de actuacións menores no dominio público hidráulico e na súa zona de policía. Código 31.30.21.
- ☐ Calquera outra que se considere necesaria para acreditar o carácter menor da actuación:

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.		OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa declarante		☐
DNI/NIE da persoa representante		☐
NIF da entidade declarante		☐
NIF da entidade representante		☐

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas.
- Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.
- Decreto 42/2020, do 30 de xaneiro, polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas.
- Orde do 18 de febreiro de 2020 pola que se aproba o modelo de declaración responsable para realización de actuacións menores de mantemento e conservación no dominio público hidráulico e zona de policía (código de procedemento AU113C).

SINATURA DA PERSOA DECLARANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

